



Maltrato entre iguais

Programa de
sensibilización sobre
o maltrato entre iguais

MATERIAL DAS FAMILIAS



XUNTA DE GALICIA




EDITA
Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Stephane Aller Creaciones

Maltrato entre iguais

Programa de
sensibilización sobre
o maltrato entre iguais



Presentación

Dentro do conxunto das relacións que o alumnado establece no centro educativo teñen unha gran importancia as que teñen lugar entre iguais. Son relacións complexas, como tamén o son as que se dan en calquera outro grupo que se percibe a si mesmo con idénticos intereses e semellante estatus social.

Neste contexto de iguais prodúcense sucesos e maniféstanse actitudes que van incidindo no desenvolvemento da personalidade, especialmente no que se refire ao ámbito psíquico e moral. Así, sen ser realmente conscientes, vanse conformando moitos hábitos e actitudes, aprendendo a respectar normas de convivencia e adquirindo costumes e regras non escritas que rexen logo gran parte do comportamento dos individuos.

Esta aprendizaxe deriva normalmente en actitudes positivas cara os demais: cara os compañeiros e compañeiras, cara as persoas adultas e cara a sociedade en xeral.

Pero non sempre o que ocorre dentro dun grupo constitúe un modelo de comportamento social axeitado. En ocasións prodúcense situacións de abuso, de exclusión social, de intimidación, etc., de violencia, en definitiva, que van máis aló do que moralmente se pode consentir e que poden adquirir diferentes graos de perigo para o desenvolvemento das persoas e da convivencia nos centros educativos.

Desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estase abordando desde diferentes prismas a temática da convivencia nos centros educativos. Este material que agora se publica diríxese especificamente á prevención do maltrato entre iguais, aínda que se enmarca nun contexto moito máis amplo que ten por obxecto a educación en valores, a convivencia pacífica e a educación para a paz.

Conseguir este obxectivo require da colaboración de todos os axentes implicados na educación da nosa xuventude, con especial relevancia no caso das familias e do profesorado.

É o noso desexo que sirva de utilidade a toda a comunidade educativa e que contribúa a acadar a unha sociedade máis xusta, máis equilibrada, máis pacífica.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e
Ordenación Universitaria

Índice

1	As relacións entre iguais	7
2	¿Que é o maltrato entre iguais?	9
3	¿Como recoñecer se o teu fillo ou filla... ..	15
	... está sendo unha persoa maltratada?	15
	...é quen maltrata?	16
	...forma parte das persoas espectadoras do maltrato?	17
4	¿Como actuar en cada caso?	19
	Coas persoas maltratadas	19
	Coas persoas maltratadoras	20
	Coas persoas que son testemuñas	22
5	Para pensar: dez ideas falsas sobre o maltrato	23
6	Algúns consellos para contribuír a educar fillos e fillas con personalidade equilibrada	27


As relacións entre iguais

O ser humano aprende a integrar as súas relacións en ámbitos de socialización básicos: primeiro na familia, e posteriormente na escola e no grupo de iguais. Deles toma claves que lle axudan a encarrilar de xeito adecuado ou non as súas relacións interpersoais.

A diferenza das relacións que os rapaces e rapazas manteñen coas persoas adultas, as relacións entre eles teñen un carácter non xerárquico, de aí a consideración de relacións “entre iguais”. Estas relacións facilitan a aprendizaxe dun amplo abano de habilidades e actitudes persoais e sociais (de cooperación, aprender a poñerse no lugar do outro...), e contribúen ao desenvolvemento emocional e cognitivo.

A familia na casa e o profesorado na escola teñen un papel decisivo no establecemento das boas ou malas pautas de relación dos rapaces e rapazas. Como pais e nais debemos ocuparnos deses comportamentos, porque ao facelo estamos previndo condutas inadecuadas ou contrarias á convivencia que van ter seguro repercusións nos nosos fillos e fillas e no resto do grupo do que formen parte.

Cando reflexionamos sobre como son as relacións entre iguais, caemos na conta de que ter amigos e amigas, compañeiras e compañeiros, sentir que te valoran, te queren e te respectan, son das mellores cousas que nos acontecen segundo imos medrando. Pero, en



determinados casos, danse situacións nas que as persoas non se senten cómodas (ou mesmo certamente incómodas), e que non sempre se fan explícitas, se fala delas ou se abordan. Unha desas situacións é a do maltrato entre iguais, da que imos falar a continuación.

¿Que é o maltrato entre iguais?

Ultimamente estase a falar nos medios de comunicación de situacións difíciles polas que pasan algúns rapaces e rapazas, tales como agresións, pelexas, insultos. Entre estas condutas contrarias á convivencia e que atentan contra a dignidade das persoas atópase o **“maltrato entre iguais”**.

O maltrato entre iguais consiste en que un alumno, unha alumna ou un grupo deles ataca, amola, molesta, ... a outro compañeiro ou compañeira unha e outra vez, **de maneira reiterada**, con intención consciente de causarlle dano ou medo, aproveitándose do desequilibrio de forza entre eles e tratando de que as persoas que poden axudar a vítima non o saiban. Normalmente, nestes casos de maltrato, a vítima non provoca a quen a agride, e non sabe nin pode defenderse porque se sente débil física e moralmente.

Situación de maltrato

Conduta agresiva con intención de facer dano

Esa conduta é habitual e repetitiva

O agresor ou agresora é máis forte

A vítima non adoita provocar, e non pode ou non sabe defenderse

Xa que logo, fálase de maltrato entre iguais cando un rapaz ou rapaza, ou un grupo pega, intimida, acosa, insulta, exclúe, amola, ignora, abusa, ameaza, chantaxea, etc., a outro rapaz ou rapaza de forma repetida e durante un tempo prolongado, coa intención de facerlle dano, e ocultándose de quen pode amañar a situación (profesorado, familia). Estes feitos ocorren nos mesmos lugares onde estudan e xogan os rapaces e rapazas, diante doutros compañeiros e compañeiras sen que os que o observan fagan nada por evitalo, cortalo ou paralo.

Maltrato é...

Cando un rapaz ou rapaza se mete habitualmente con outra compañeira ou compañeiro insultándoo, burlándose, poñéndolle alcumes... (“catro ollos”, “mu” para chamarlle vaca).

Cando un grupo de alumnos e alumnas lles din aos demais que non falen con outro rapaz e rapaza para que non teña amizades.

Cando, nos cambios de clase, nos servizos, no autobús... hai un neno ou nena que “tropeza” sempre co mesmo compañeiro ou compañeira, lle atranca o paso cunha perna, poñendo o brazo...

Maltrato non é...

Insultar ocasionalmente no medio dunha rifa.
(É inadmisibile, pero, se é de forma esporádica, non podemos chamarlle maltrato).

Estar un día enfadada ou enfadado cun amigo ou amiga ou con varios.

(Son esas cousas que se amañan entre nenos e nenas...).

Tropezar sen querer e berrar: “¡Aparta!”

(Non é de boa educación, o correcto sería dicir “perdón”).

(...)

Maltrato é...

— Cando alguén abusa da súa forza e atemoriza a un ou máis compañeiros e compañeiras, ameazándoos se non fan o que quere: darlle o bocadillo, facerlle os deberes, deixarllos copiar...

— Cando un grupo de nenos e nenas espera premeditadamente na saída da escola ou do instituto a alguén para abusar del.

Maltrato non é...

— Copiar nos exames, alterar as clases con intervencións inadecuadas...

(Mal feito...).

— Enfrontamentos entre dúas pandas nunha cidade, ou de dúas aldeas ou parroquias achegadas.

(Non está ben feito, é violencia innecesaria...).

Non pode, polo tanto, considerarse maltrato unha pelexa ou discusión esporádica con outro compañeiro ou compañeira, nin as cambadelas, empurróns ou patadas que se producen ocasionalmente practicando algún deporte ou xogo, nin certos episodios nos que se lle toma o pelo a alguén como parte de bromas entre iguais.

Os casos de maltrato poden presentar moitas e variadas formas que describimos a continuación, case sempre combinadas unhas con outras.

- **Físico**

- ▶ **Directo:** patadas, puñazos, agresións con obxectos...
- ▶ **Indirecto:** esconder, cambiar de sitio, roubar... obxectos da vítima.

- **Verbal**


- ▶ **Directo:** vocear, burlarse, insultar, poñer alcumes.
- ▶ **Indirecto:** falar mal ás súas costas insistentemente, facer que oía de “casualidade”, pintadas no encerado, cartas, mensaxes ao móbil...

- **Relacional**

Son accións encamiñadas a minar a autoestima do individuo e fomentar a sensación de inseguridade e temor.

- ▶ **Directo:** exclusión deliberada de actividades, impedir a súa participación.
- ▶ **Indirecto:** deixar a vítima soa no patio, facer parellas ou grupos na clase sen contar con esa persoa...

O aspecto relacional está en todas as formas de maltrato.



¿Como recoñecer se un fillo ou filla...

3

... está sendo unha persoa maltratada?

Moitas veces o voso fillo ou a vosa filla está padecendo intimidación e maltrato por outras persoas do seu contorno ou grupo e vós non o sabedes. ¿Como detectar esta situación?

O seu comportamento pode ir dando pistas; fixédevos con atención. Hai unha serie de signos físicos, emocionais, psicolóxicos e de conduta que indican a existencia dun posible maltrato, sobre todo se se dan varios ao mesmo tempo:

- ¿Comenta que recibe insultos ou burlas no colexio ou que falan mal del ou dela?
- ¿Chega á casa coa roupa, cos libros ou con outra pertenza estragados ou rotos?
- ¿"Perde" con frecuencia obxectos persoais ou diñeiro?
- ¿Mostra sinais externos de golpes, rabuños, mazaduras ou feridas?
- ¿Comeza a non querer ir ao colexio ou ao instituto? ¿Pon desculpas (dor de cabeza, de estómago, vómitos) para non asistir ás clases ou cando está nelas reclama que o vaian recoller?
- ¿Non ten ganas de comer?

- ¿Cambia de percorrido para ir ao centro escolar ou o de volta á casa?
- ¿Evita ir a determinados lugares?
- ¿Ten cambios nos patróns de sono? ¿Empeza a durmir mal ou a ter pesadelos?
- ¿Denota, a miúdo, un aspecto triste e infeliz? ¿Cambia repentinamente de humor?
- ¿Está baixando visiblemente o seu rendemento escolar?
- ¿Manifesta unha alta ansiedade e inseguridade?
- ¿Cústalle relacionarse con outras persoas? ¿Está perdendo amigos ou amigas? ¿Estase quedando só ou soa?
- ¿Comeza a agredir ou a ameazar aos seus irmáns ou ás súas irmás ou a outras persoas?

Se está sucedendo isto, o voso fillo ou a vosa filla necesita axuda. É preciso que escoitedes con atención os seus problemas para intentar poñerlle remedio o máis rápido posible.

... é quen maltrata?

Se pensades que o voso fillo ou filla maltrata a outras persoas, o primeiro que hai que facer é confirmar esta posibilidade. Para isto, debes aprender a recoñecer aqueles signos que poden denotar este tipo de actitudes:

- ¿É unha persoa agresiva? ¿É dominante e prepotente? ¿Intimida ou maltrata os seus irmáns ou irmás e os seus amigos ou amigas?

- ¿Quere levar sempre razón? ¿Impón frecuentemente as súas ideas pola forza?
- ¿Non respecta as demais persoas? ¿Utiliza con asiduidade insultos e descualificacións?
- ¿Ten ataques incontrolados de ira? ¿Non soporta contrariedades? ¿Reacciona violentamente cando non consegue o que quere?
- ¿Nunca se pon no lugar doutras persoas?
- ¿Utiliza a intimidación e a violencia para acadar a lealdade dos seus compañeiros ou compañeiras?
- ¿Ten dificultades para comunicar os seus sentimentos e afectos?
- ¿Gábase das súas actuacións violentas e xustificaas sempre? ¿Nunca sente remordementos?

Se observades este tipo de actitudes e de talante no voso fillo ou filla, debedes afrontar con valentía a situación. Tedes que falar con el ou con ela e axudarlle a saír da mesma.

... forma parte das persoas espectadoras do maltrato?

Moitas veces o voso fillo ou a vosa filla participa pasivamente nunha situación de maltrato. Por medo ou por indiferenza, non fai nada, non axuda a vítima; incluso, nalgunha ocasión, pode deixarse influír polas persoas maltratadoras e colaborar activamente na acción. ¿Como podedes recoñecer se está nestas circunstancias?

- ¿É unha persoa facilmente influenciábel e manexábel?

- ¿Réstalle importancia ás situacións de maltrato de compañeiros ou compañeiras?
- ¿Non é solidario ou solidaria coas persoas maltratadas e non lles presta axuda?
- ¿Ponse algunha vez no lugar das vítimas?
- ¿Non alerta dos casos de maltrato que presenza na escola porque pensa que é chivar?

Cando teñades un fillo ou unha filla nestas circunstancias, debes axudarlle a recoñecer que é unha persoa espectadora do maltrato e que está asistindo de xeito pasivo a situacións de inxustiza.

¿Como actuar en cada caso?

Coas persoas maltratadas

Se sospeitades que o voso fillo ou a vosa filla está padecendo unha situación de maltrato, debes ter calma e preguntarlle directamente sobre o que lle está sucedendo. Hai que saber escoitar, confirmar o que vos di e iniciar axiña as accións imprescindibles para tratar de atallar o problema.

¿Que se debe facer?

- Axudarlle a que se tranquilice e darlle apoio e confianza.
- Preguntarlle onde se produce habitualmente o maltrato, quen está implicado, quen o viu, como actuou, se llo contou a alguén.
- Planificar conxuntamente estratexias para acabar con esta situación, por exemplo:
 - ▶ Instalo a que esquive o contacto coas persoas agresoras.
 - ▶ Que busque protección no círculo de amizades.
 - ▶ Que evite os lugares nos que se pode producir o maltrato.
- Axudarlle emocionalmente, facerlle ver que non ten culpa. Posiblemente estea nunha situación de pánico e non debe actuar arriscadamente nin de xeito violento.
- Dialogar constantemente con el ou ela e procurar que teña máis seguridade e aumente a súa autoestima.

- Non hai que identificarse co sentimento de vitimización, é dicir, que o voso fillo ou filla poida pensar que tedes medo e preferides calar. Isto pode agravar a situación.
- Facerlle ver que, para solucionar o conflito, é necesario pedir axuda. Non pode continuar sufrindo en silencio.
- Unha vez vista a importancia e a gravidade do problema, informar o centro e, en especial, o titor ou titora da situación que se está producindo. Seguro que intentarán poñer remedio con medidas de acción positivas.

Cando o voso fillo ou a vosa filla estea sendo obxecto de maltrato, non debedes utilizar a intimidación e a violencia contra as persoas maltratadoras, non incitedes o voso fillo ou filla a que solucione o problema por si mesmo e non intentedes arranxalo pola vosa conta. Como vedes hai outra forma de actuar. Mantede un contacto estreito e continuado co centro escolar, levade un seguimento da situación e participade activamente na intervención que se planifique. Durante o proceso de actuacións, solicitude que se manteña o anonimato.

Coas persoas maltratadoras

Se detectades no voso fillo ou na vosa filla unha actitude maltratadora e sabedes que está comportándose así con alguén, tedes que axudarlle a afastarse desta situación.

¿Que se debe facer?

- Mostrarlle que estades en contra do seu comportamento, pedirlle que abandone a súa conduta e que se poña no lugar da vítima. Estalle facendo dano e o abuso tampouco lle permite ser feliz.
- Ofrecerlle o voso apoio e a vosa confianza para que intente saír desta situación. Facerlle ver que a violencia nunca é unha forma apropiada de resolver os conflitos. Entender o porqué dos seus comportamentos non é xustificalos.
- Preguntarlle onde se produce habitualmente o maltrato, cando ocorre, con que frecuencia, quen está implicado.
- Solicitalle que rompa os seus vínculos con aquelas persoas que participan tamén en situacións de maltrato contra os semellantes.
- Establecer co voso fillo ou filla as correccións derivadas da súa conduta. Ensinarlle a asumir as súas responsabilidades. Recompensalo se vai cambiando de actitude.
- Unha vez valorada a importancia e a gravidade do problema, debes informar o titor ou titora da situación na que está o voso fillo ou filla. Debes demandar axuda e consello.
- Manter un contacto estreito e continuado co centro escolar e participar activamente nas intervencións que se planifiquen.

Para evitar as condutas agresivas, debes ter en conta que a familia proporciona os primeiros modelos de comportamento e é decisiva na aprendizaxe e no desenvolvemento de formas axeitadas de relación interpersoal. Por iso, vós, pais e nais, debes coidar o exemplo de relación familiar que estades a dar.

Coas persoas que son testigos

Se advertides que o voso fillo ou a vosa filla presenza actos de maltrato e non fai nada por axudar a vítima, tedes que falalo para que comprendan os efectos negativos da súa actitude e obren consequentemente.

¿Qué se debe facer?

- Intentar, mediante o diálogo, que comprenda que o seu comportamento non é solidario; que sempre hai que axudar as persoas máis débiles.
- Pedirlle que abandone a súa conduta e que se poña no lugar da vítima. Que pense como se sentirá cando a maltratan.
- Instalo a que non cale e non ignore os efectos que produce a violencia exercida por alguén sobre outra persoa.
- Facerlle entender que, aínda que non participe directamente dos actos da agresión, está implicado moralmente, porque colabora a que eses feitos se sigan producindo.
- Axudarlle a contar os feitos ao profesorado do centro escolar. É unha forma de amparar a vítima e de contribuír á rápida rexeneración da persoa maltratadora, que tamén necesita axuda. Isto non é “chivarse”. Non pode existir, nestes casos, unha lei do silencio.

Como pais e nais tedes que lles saber transmitir que estas experiencias inxustas de maltrato e o silencio no que se envolveren poden ser destrutivas para o seu equilibrio emocional e de relación.

Para pensar

Dez ideas falsas sobre maltrato

1. Só son bromas, cousas de nenos e nenas, é mellor non meterse.

Non é certo, maltratar non é facer bromas. Pode ser difícil distinguir ás veces entre broma ou situación de abuso, pero cando a vítima empeza a asustarse xa non é unha diversión, os iguais deben parar, e os adultos deben intervir e detelo.

2. A vítima búscalo, meréceo.

Non é certo. Ninguén merece ser vítima de maltrato, sexa cal sexa a súa conduta. Iso é a escusa que se utiliza para xustificar a agresión.

3. O maltrato forma parte do crecemento e imprime carácter.

Non é certo, aprender a afrontar as adversidades imprime carácter, pero o maltrato volve as vítimas desconfiadas, ansiosas, illadas, etc.

4. A mellor maneira de defenderse é devolvela.

Non é certo. Devolver a agresión reforza a idea de que a violencia é aceptable e o único medio para resolver os conflitos. A reacción violenta da vítima empeora a súa situación, xa que se utiliza esta reacción como escusa para xustificar novas agresións.

5. O maltrato é cousa de rapaces.

Non é certo. As condutas inadecuadas ou contrarias á convivencia na infancia e na adolescencia acaban por dar persoas adultas que non son quen de convivir axeitadamente aínda coa xente máis querida.

6. Só agriden as persoas que teñen problemas familiares ou que viven en ambientes marxinais.

Non é certo. Demostrouse que se dá en todos os centros e en todos os niveis socioeconómicos.

7. As vítimas son persoas febles e débiles.

Non é certo. A vítima pode ser calquera, xa que as persoas que agriden utilizan calquera desculpa para xustificar a súa agresión. As vítimas adoitan ser máis pacíficas, máis tranquilas... e, dende logo, non lles gusta o que padecen.

8. Cando dous pelexan máis vale non meterse e manterse nunha posición neutral.

Non é certo. É necesario tratar de parar a pelexa ou buscar unha persoa adulta que axude.


9. As vítimas son persoas cobardes.

Non é certo. Unha persoa que foi humillada e insultada seguramente non poderá defenderse ela soa. Pedir axuda é un acto de valentía pola súa parte.

10. Só a vítima precisa axuda.

Non é certo. Precisan axuda a vítima e os individuos que agreden, aínda que de maneira diferente. Tanto unhas persoas como as outras deben atopar quen lles ofrezca alternativas ao seu comportamento.

(Adaptado de Collell e Escudé)



Algúns consellos para contribuír a educar fillos e fillas con personalidade equilibrada

A educación das nosas fillas e fillos é a nosa responsabilidade, pero acompañalos no seu proceso de crecemento non é tarefa doada nestes tempos. Os continuos cambios tecnolóxicos, culturais e de hábitos de vida que caracterizan a sociedade actual, xunto cos cambios evolutivos que se dan nas etapas da infancia e da adolescencia provocan contradicións e unha certa confusión entre nós, pais e nais, que necesitamos dunha constante revisión das nosas posturas.

A continuación, e a modo de resumo, exprésanse algunhas consideracións que convén ter en conta para contribuír a que os vosos fillos e fillas acaden unha personalidade equilibrada:

- **Implicarse na súa educación, proporcionándolles modelos positivos:** as persoas adultas somos espellos nos que se mira a rapazada. Se somos quen de manter boas relacións familiares, de resolver amigablemente os nosos conflitos, sen violencia, estaremos dando modelos axeitados de convivencia.
- **Falar cada día coas vosas fillas ou fillos:** o diálogo é a mellor forma de resolver as diferenzas e de afrontar os conflitos, tanto no ámbito familiar como fóra del. É importante dedicar tempo a estar con eles, a facer actividades conxuntas, escoitar as súas opinións, preocuparse polos seus intereses, deixar que se expresen e axudar a que aprendan a reflexionar sobre o que lles pasa.


- **Darlles a oportunidade de construír novas amizades:** preguntarlles como son as relacións coas súas amigas e amigos, sen faltar ao respecto da súa intimidade. Interesarse por coñecelos. Propoñerlles que os inviten á casa. Temos que recoñecer a importancia que teñen nestas idades as relacións interpersoais cos iguais. Son fonte de diversión, de creación de vínculos afectivos, de aprendizaxe de habilidades sociais...
- **Axudarlles a facer fronte aos problemas:** que teñan respostas axeitadas no caso de que alguén os moleste ou agrida, desaconsellar sempre actitudes de vinganza (o “ollo por olo”), de provocación cara ás compañeiras ou compañeiros e de insulto. Ensinarlles a controlar a súa propia conduta. É necesario ir incrementando de forma gradual a súa autonomía, a medida que se vai comprobando que son capaces de exercela correctamente.
- **Ensinarlles a protexerse:** podemos falar explicitamente do maltrato entre iguais e deseñar pequenas estratexias (ir co grupo e non quedar en soidade, saber dicir “non” con firmeza, fuxir dos sitios de perigo, previr posibles intimidacións e presións...).
- **Fomentar hábitos saudables:** de hixiene, de sono, de alimentación equilibrada, de actividade física regular. Favorecer que teñan algunha afección, que se impliquen en actividades que desenvolvan habilidades valoradas polos demais da súa idade, facilitarlles materiais e oportunidades de facer cousas en grupo (saídas, deportes...). Lembra que a intimidación se favorece cando a xente nova está xunta e sen nada que facer.
- **Controlar o tempo libre e de lecer:** hai que vixiar a utilización que fan do seu tempo libre e de lecer, especialmente os contidos dos

videoxogos e programas de televisión. Ás veces estes xogos e programas son manifestamente violentos, racistas e sexistas, e reforzan a idea de que os problemas se solucionan coa forza e neles case sempre perden as persoas máis febles. Non se trataría de prohibir, senón de comentar os contidos que teñen, dar alternativas, ensinarlles a facer comentarios críticos sobre eles. Hai ademais que estar vixiantes co tempo que están no ordenador, tentar pescudar por onde navegan e que chats visitan.

- Non vos esquezades de **definir unhas normas claras**: poucas, as imprescindibles. Explicar claramente o que está permitido e o que non, dando os argumentos necesarios. Unha vez que están claras as normas, hai que aplicalas e facelas cumprir sempre. É recomendable apostar por unha actitude na que se perciba de forma clara o sentido de autoridade (persuasiva cando son máis pequenos e con máis participación a medida que van sendo maiores), cunha disciplina consistente, un trato agradable nas formas e construtivo no contido. Non se debe sentir temor a educar en liberdade, respectando os seus dereitos, pero ao mesmo tempo esixíndolles o cumprimento dos seus deberes e pedíndolles responsabilidade na súa conduta.
- Outro aspecto fundamental é **implicarse na súa educación escolar**: manter contactos regulares coa escola, asistir ás reunións que se convoquen, apoiar o centro e o profesorado. Se tedes dúbidas sobre as actuacións que teñen, é aconsellable falalas co profesorado, pero nunca o desautoricedes diante da vosa filla ou fillo. Estimulalos para que leven a cabo as actividades de estudo que lles encomenden, respectar e facerlles respectar as normas esta-

blecidas no centro e fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.

- **Adestrar a educación da vontade**, potenciando valores como o tesón, o empeño, a firmeza e a disciplina persoal, como medios para conseguir o que nos propoñemos. É importante que aprendan a marcarse metas nos ámbitos persoal, escolar e social, con carácter realista e mantendo viva a ilusión por conseguir aquilo que se pretende.
- En suma, trátase de **educar en valores de respecto e tolerancia**: coidar o crecemento emocional para axudarlles a empatizar cos sentimentos das demais persoas. Educar para a tolerancia, adoptando un forte compromiso ante as condutas violentas, racistas, xenófobas, homófobas ou calquera outra discriminación que afecte a dignidade das persoas, e potenciar os valores positivos: a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre as persoas.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA